



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de setembro de 2021
Duración	Desde as 19:40 ata as 23:15 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33852423B	Jose Ferreiro Fernandez	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ





Concello de Guitiriz

33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior de data 30 de setembro de 2021

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Expediente 558/2021. Peche e Liquidación do Orzamento

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

“APROBACION DA CONTA XERAL DO ANO 2020.

De acordo co apartado primeiro do artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente. No apartado 2 do dito artigo dispónse que a Conta Xeral formada pola Intervención será sometida a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

De acordo co establecido no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entre as funcións das Comisións Informativas (entre as que se atopa a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno deste Concello) atópanse as de “*estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno*”, sen embargo o artigo 20.1.e) da Lei de base de réxime local establece como obrigatoria a Comisión Especial de Contas, cuxas funcións son, como dicta o artigo 67 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia as de exame, estudo e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais.

A Conta Xeral quedará exposta ao público mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, durante os cales os interesados poderán examinar e presentar reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos





Concello de Guitiriz

116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, modificado na disposición final décimo novena da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021.

No caso de que non se presenten reclamacións, reparos ou observacións durante o período de exposición pública non se volverá a celebrar Comisión Especial de Contas e o expediente, xunto co dito informe elevaráse directamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

Cumprimentado en data 30/08/2021 (BOP nº 181) o trámite legal de exposición ao público da dita Conta Xeral, previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e sen que se presentara ningunha reclamación, procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas de data 23/07/2020 a proposta de aprobación da conta xeral.

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame favorable da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Guitiriz correspondente ao exercicio económico 2020 nos termos que constan no expediente, integrada polas Contas Anuais do propio Concello e a documentación legalmente establecida.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.”

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do PP di que segundo os datos aportados, cos informes emitidos e co tramite de exposición e informe de non presentación de alegacións, reparos e os informes favorables da Comisión Especial de Contas, non temos máis que dicir e imos votar a favor.

O voceiro do BNG di que con data 6 de outubro de 2020 acordaron a suspensión das regras fiscais para o 2020 e 2021 polo que o Estado de Contas nestes dous anos parécenos que van ser permitidos os incumprimentos.

Si todo fose normal a situación sería a seguinte: segundo o informe de intervención na liquidación do orzamento de Guitiriz para o ano 2020 prodúcese unha situación de inestabilidade orzamentaria. Vendo a liquidación do orzamento do concello de Guitiriz do 2020 este concello incumpriu a regra de gasto polo que podería ter que aprobar un Plan Económico Financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento do obxectivo da regra de gasto, pero tamén se queda en nada pola suspensión de devanditas regras fiscais.

A Conta Xeral debería de ser o fiel reflexo contable da realidade económica e





Concello de Guitiriz

patrimonial do concello, pero ao non existir inventario municipal de bens actualizado non se pode comprobar a adecuada correlación entre a valoración das contas do inmovilizado que aparecen no activo do balance e a valoración dos bens do inventario.

Tamén a inexistencia de constitución do patrimonio municipal do solo implica non poder facer fronte por parte de intervención a un balance exacto das contas.

Vense repetindo por parte de intervención a necesidade de actualizar este patrimonio pero segue sen facerse ano tras ano.

Non podemos votar a favor de algo incompleto e irreal.

A alcaldesa di que isto responde ao traballo arduo e duro ao longo de todo o ano da área económica do noso concello, seguro que hai cousas incompletas pero intentaremos que se fagan. A lei ampáranos para incumprir unha das regras de gasto que teriamos que cumprir, polo que esta todo conforme e dentro da legalidade.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos favorables do PSOE e PP e coa abstención do BNG.

Expediente 363/2021. Solicitud de Actuación Urbanística

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Abandona o Salón de Plenos por interese particular no asunto o concelleiro don Xosé María Teixido Núñez.

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

“Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Solicitud presentada por Xosé María Teixido Núñez co DNI 33845514C, e con enderezo a efectos de notificacións en promociones@grupoteixido.es, presentada en data 07/04/2021 co E.R.E. nº 178 para aprobación de estudo de detalle da seguinte actuación:

Promotor/a: Promociones Teixido López, S.L

Solicitud: Estudio de detalle para reaxuste de aliñación e rasante

Enderezo parcela: Avd. da Coruña nº74 e Rúa Fonte de San Blas, nº1, S. Xoán de Lagostelle

Ref. Catastral: 9318906NH8891N0001YB

Do Estudio de detalle:

Técnico Redactor/a: María A. Miraz Vázquez, arquitecta colex. nº3230 polo COAG

Visado colexial: 2101808,2 de 06/04/2021 -



Cod. Validación: 5ZJTG34EGAKQNV366SHENLF | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 31



Concello de Guitiriz

- Informe favorable da arquitecta técnica municipal nº 2021-210 de data 19/05/2021.
- Informe xurídico da Secretaria nº 2021-95 de data 25/05/2021 sobre o procedemento a seguir para a aprobación inicial pola XGL do estudo de detalle.
- Acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/06/2021 polo que se aproba inicialmente o estudo de detalle instado por Promociones Teixido López S.L. e se acorda iniciar un trámite de información pública durante un mes, mediante anuncio no DOG e nun dos xornais de maior difusión na provincia, quedando ademais a disposición na sede electrónica do Concello.
- Remisión de expediente administrativo á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en data 07/06/2021 co S.R.C. 837.
- Remisión de expediente administrativo ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en data 07/06/2021 co S.R.C. 838.
- Notificacións persoais aos interesados do acordo da XGL de 02/06/2021 en data 08/06/2021 cos S.R.E. 310 e 311 e cos S.R.C. 843, 844, 845, 846, 847 e 848.
- Solicitud de publicación de anuncio de información pública no DOG en data 16/06/2021.
- Solicitud de publicación de anuncio a El Progreso, o 07/07/2021 co S.R.E. 399.
- Publicación de anuncio de información pública no DOG nº 128 de data 07/07/2021.
- Publicación do anuncio de información pública no taboleiro de anuncios do Concello de Guitiriz de data 07/07/2021 ata o 06/08/2021.
- Publicación de anuncio no diario El Progreso en data 08/07/2021.
- Requirimento de documentación complementaria pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) en data 19/07/2021 co E.R.C 3143.
- Remisión de requirimento da DXPC a Promociones Teixido López S.L. en data 26/07/2021 co S.R.E. 445.
- Segunda remisión de documentación á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en data 26/07/2021 co S.R.C. 1039.
- Segunda remisión ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en data 26/07/2021 co S.R.C. 1040.
- Informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural recibido en data 01/09/2021 co E.R.C. 3663.
- Informe do Servizo de Rexistro do Concello de Guitiriz de data 22/09/2021 co seguinte tenor literal: *“Que examinado o rexistro de entrada do Concello que figura en soporte informático entre o 7/07/2021 e o 20/09/2021 non constan presentadas reclamacións, reparos ou observacións en relación o anuncio publicado no DOGA de data 7 de xullo de 2021 “Información Pública para un estudo de detalle”.*”
- Informe favorable do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana recibido en data 23/09/2021 co E.R.C. 4292.
- Informe favorable da arquitecta técnica municipal co nº 2021-414 de data 23/09/2021 que literalmente conclúe que: *“E para que así conste aos efectos oportunos e salvo mellor criterio, infórmase nas condicións expresadas, considerando que o estudo de detalle resulta conforme coas determinacións do planeamento e coa legalidade urbanística, aos efectos da súa aprobación definitiva.”*

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

- Os artigos 79, 80 e 82 a 90 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.





Concello de Guitiriz

- Os artigos 192, 193 e 194 e 199 a 215 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.
- Os artigos 65, 66 e 140 do Regulamento de Plan para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, aprobado por Real Decreto 2159/1978, do 23 de xuño.
- Os artigos 21.1.j) e 22.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Guitiriz, aprobado definitivamente por Orde de 1 de xuño de 2020 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e publicado no BOP nº 237 do 16 de outubro de 2020.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobado definitivamente o estudo de detalle instado por Promociones Teixido López S.L. en data 07/04/2021 co E.R.E. nº 178, para reaxuste de aliñación e rasante na avenida da Coruña nº74 e rúa Fonte de San Blas nº1 de San Xoán de Lagostelle (referencia catastral: 9318906NH8891N0001YB), segundo o estudo de detalle da técnico dona María A. Miraz Vázquez, arquitecta Colexiada nº3230 polo COAG, co visado colexial nº 2101808,2 de data 06/04/2021.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados e publicalo, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia, e o texto dos documentos que integran o estudo de detalle así como o índice de planos do mesmo no Boletín Oficial da Provincia.

TERCEIRO.- Comunicar o acordo á consellería competente en materia de urbanismo, á vez que se lle dará traslado dun exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado, para a súa inscrición no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia. No Anuncio de aprobación definitiva farase constar a remisión da documentación á Consellería, xa que a inscrición no Rexistro de Plan será condición para a publicación e eficacia do acto de aprobación definitiva.”

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do PP di que visto o expediente presentado por Promociones Teixido López SL con data 7 de abril de 2021 para aprobación do estudo de detalle para reaxuste de aliñación e rasantes feito pola redactora Maria A. Miraz Vázquez con informe favorable da arquitecta técnica municipal de data 19/05/2021, con informe xurídico da Secretaria de data 25/05/2021 sobre o procedemento a seguir, acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/06/2021 polo que se aproba inicialmente o estudo de detalle instado por Promociones Teixido López S.L. e se acorda iniciar un trámite de información pública durante un mes mediante anuncio no DOG e nun dos xornais de maior difusión da





Concello de Guitiriz

provincia quedando ademais a disposición na sede electrónica do Concello seguindo tódolos tramites necesarios para a súa aprobación sometidos ao Pleno desta corporación municipal.

O voceiro do BNG di que vai falar do ben catalogado (hórreo) que vai quedar no mesmo sitio. Fai uns meses o BNG propuxo ao goberno deste concello restaurar o hórreo e trasladalo a Praza do Curro Vello, unha situación parecida a cando se trasladou o hórreo da Rúa do Mercado a Praza Campo da Feira e pareceunos boa idea.

Non sabemos si o goberno deste concello o solicitou a Patrimonio, ou non o fixo porque non estaba de acordo con cambiar este ben catalogado. Polo que se ve nesta documentación van deixar o hórreo onde esta, baixo a noso opinión, si deixan peonil a saída desa rúa, podería valer, pero temémonos que vai seguir aberta a circulación. Un ancho de 2,80 que ten no punto mais estreito, si a deixan aberta a circulación, parécenos unha mala decisión, un camión ou furgón ten moitos problemas para pasar e ademais os dous accesos son en curva.

O hórreo ben restaurado na Praza do Curro Vello quedaría como parada obrigatoria para a xente que nos visita, onde esta en medio das casas, non vai lucir e será un atranco para ese currunchos do Curro Vello.

En definitiva, co Estudo de Detalle podemos estar de acordo pero o tema do hórreo parécenos que é unha mala idea.

A alcaldesa di que isto tráese ao Pleno porque obriga a lexislación por unha serie de cambios urbanísticos para poder levar a cabo ese proxecto de construción, o estudo de detalle haino que aprobar porque modifica as aliñacións con respecto ao PXOM que esta en vigor.

Aprobar este estudo de detalle non implica que o hórreo teña que quedar alí para sempre, unha actuación neste hórreo para levalo a outro sitio non queda anulada con este estudo de detalle, pero neste momento no que estamos, que temos que afrontar outros gastos e outras actuacións que consideramos máis prioritarias, entendemos que ese hórreo de momento ten que quedar onde esta porque implica un gasto económico que consideramos que esta mellor invertido noutra actuación.

En canto ao tema da circulación, agora que hai policía local non hai problema en estudar como se pode facer para preservar o patrimonio do concello.

O voceiro do PP di que eles están de acordo co que din, en canto se poda cambiar economicamente hai que cambialo, o día que se poda cambiar mellorando o hórreo e a zona sería perfecto.

O voceiro do BNG di que cando se poda o lóxico sería restauralo porque tal como esta agora, que esta caendo, ata é un perigo e non é boa idea deixalo aberto ao trafico.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos asistentes, coa ausencia por posible causa de abstención do concelleiro don Xosé María Teixido Núñez





Concello de Guitiriz

Expediente 899/2021. Modificación de Créditos

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

A proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

“MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2021.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en Crédito Extraordinario por importe de 738.000,00 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en Crédito Extraordinario 2/2021 polo importe total de 738.000,00 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado íntegramente con Remanente de Tesourería para gastos xerais conforme ao detalle de aplicacións e gastos que se indican de seguido:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO GASTO	IMPORTE
326.61900	Mellora nas instalacións do CEIP Lagostelle de Guitiriz	40.000,00 €
342.61900	Mellora nas instalacións da piscina municipal de Guitiriz	25.000,00 €
425.60900	Obra para canalización de liña eléctrica	70.000,00 €
231.61900	Ampliación das instalacións do Centro de Día de Guitiriz	64.000,00 €
422.68200	Adquisición de nave industrial no Polígono Industrial do Concello de Guitiriz	279.000,00€
453.61900	Reparación de estradas e camiños municipais do	260.000,00€





Concello de Guitiriz

	termo municipal de Guitiriz	
	TOTAL	738.000,00 €

INCREMENTO EN INGRESOS		
Aplicación	Descrición	Importe (€)
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerías	738.000,00 €

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderáse definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do PP di que a modificación de crédito por importe de 738.000 euros financiada integramente polo remanente de tesourería. A inversión segundo a memoria farase da seguinte maneira:

-Mellora nas instalacións do CEIP Lagostelle de Guitiriz, 40.000 €, estamos de acordo con esto.

-Mellora nas instalación da piscina municipal de Guitiriz, 25.000 €, estamos de acordo.

-No Centro de Día, 64.000 €, chama a atención que é un centro inaugurado fai pouco tempo e xa con reformas. Nós pensamos que sería mellor facer un Centro de Día en Parga con eses 64.000 € e si fai falta investir algún carto máis, posto que sería bo para o desenvolvemento da vila de Parga, para a cercanía da xente maior da propia parroquia e limítrofes e tamén para o asentamento de poboación e creación de servizos. Isto pódese facer na Escola das Nenas en Parga.

-Canalización liña eléctrica, 70.000 €, tampouco estamos de acordo, nós pensamos que para isto debera buscarse financiación.

-Adquisición nave industrial no polígono, 279.000 € que segundo a súa mercancía pode contribuír a dinamización do mesmo e que nós cremos que vai contribuír a xerar máis gasto no noso concello. Nós pensamos que é mellor que a nave siga alugada os meses que sexan necesarios e cando se poda, facer unha nave e un parque móbil municipal no terreo que o Concello de Guitiriz ten no polígono e este investimento podería saír nun prezo economicamente máis razoable e inferior aos 279.000 €, ademais pódese buscar financiación noutras Administracións tanto do Estado, de Europa, da Deputación de Lugo e da Comunidade Autónoma, incluído o Concello de Guitiriz pero que nos saia máis barato facendo una nave nos terreos propios do Concello e crear un parque móbil.

-Reparación de estradas e camiños municipais, 260.000 €. Parécenos moi ben e





Concello de Guitiriz

esperamos que se faga con criterio e se fagan primeiro as máis necesarias e nunca con carácter político. Botamos en falta que non se nos dese un listado de estradas que se van a reparar.

Observamos que hai investimentos orixinados con motivo do Covid, como é o centro de Lagostelle, a piscina municipal e o Centro de Día. Unha vez que entre en vigor esta modificación de crédito producírase unha inestabilidade orzamentaria.

O voceiro do BNG di que en canto ao 1º punto “Mellora nas instalación do CEIP Lagostelle de Guitiriz”, parécenos que había que solicitar esta actuación á Consellería de Educación, porque si o Concello gasta 40.000 € para actuar sobre un edificio que non é competencia nosa é como si lle regalásemos os cartos á Xunta cando debería ser ao revés. Con isto non decimos que non sexa boa idea aproveitar o espazo do colexio pero o que dicimos é que o normal é que o fixera a Xunta.

En canto ao 2º punto “Mellora nas instalación da piscina municipal de Guitiriz”, o BNG aposta por un complexo deportivo con piscina cuberta e climatizada e para todo o ano. Todo o que se faga na piscina dos Sete Muíños é gastar os cartos para ter o mesmo que temos e por riba para solo usala nos meses de verán.

En canto ao 3º punto “Canalización da liña eléctrica” máis do mesmo, vanse gastar 70.000 € nunha liña que non é propiedade do Concello cando deberían ser as eléctricas as que realizaran esta obra, que por outro lado e moi necesaria porque entendemos que será para sacar o transformador da Rúa do Mercado.

As eléctricas fan o que lles da a gana, poñen os postes onde queren, tiran os tendidos a través e encima vamos a actuar como si estas empresas eléctricas estivesen arruinadas, todo o contrario, dámoslles máis poder que calquera administración.

En canto ao 4º punto “Ampliar a zona común do Centro de Día”, leva dous anos funcionando e xa van actuar nel. O BNG xa dixó no seu momento que a casa era moi pequena para un Centro de Día, agora darannos a razón. Van gastar 64.000 € para ampliar a zona común, está máis que claro que o que hai que facer é reducir o número de usuarios/as, baixar o aforo e solucionado o problema, esa casa non da para máis.

En canto ao 5º punto, entendese un pouco mellor, van gastar 279.000 € na compra dunha nave no polígono. Vólvenos a dar a razón, xa comentamos nun pleno anterior que non tiña xeito empregar a Nave do Senpa para aulas de música, pistas deportivas, recollida de refugallos, etc. Si se merca esa nave no polígono, polo menos poderase liberar a nave do Senpa para deporte e outro tipo de actividades culturais e así non mesturar todo como se estaba facendo ata o de agora. Por isto parécenos boa idea, aínda que tamén nos parece boa idea construír algo nos terreos do Concello para que sexa propiedade do mesmo.

Por último van gastar 260.000 € en arranxo de estradas locais, por fin se deron conta que temos unha boa parte das estradas en moi mal estado e vaian tomando nota para futuros orzamentos, xa que non chega nin para empezar o que se orzamenta anualmente para o arranxo de camiños, nin incluíndo o que se engade do Plan Único.





Concello de Guitiriz

Estamos de acordo cos dous últimos puntos, cos outros non podemos estar de acordo polo xa comentado anteriormente.

A alcaldesa di que para poder dedicar a nave do Senpa a actividades culturais e deportivas tiñamos que darlle unha saída aos vehículos que ten o concello e ao persoal de oficios para poder gardar os útiles e instrumentos de traballo.

É verdade que o Concello é propietario dun par de parcelas no polígono pero tamén é verdade que nestes tempos de incerteza en canto ao subministro de materiais, valoramos a posibilidade de mercar unha xa feita ou construír unha, e decidimos que a opción máis favorable para o Concello era a compra. Entendemos que isto tamén lle pode dar algo de vida ao noso polígono que tamén é moi necesario.

En canto as melloras no CEIP de Lagostelle teño que aclarar que imos incorporar neste punto do acordo que as melloras se podan facer tanto no CEIP Lagostelle como no colexio de Parga, é dicir, que esa partida vai destinada aos centros educativos. Estou de acordo que esta actuación debería estar financiada pola Xunta, ou polo menos en parte, pero tamén é verdade que os colexios prestan as súas instalacións ao Concello para realizar as actividades deportivas e ademais a eses colexios acoden os nenos/as dos nosos/as veciños/as polo que o Concello non pode deixar de atender esas demandas en detrimento das familias porque a Xunta non quere facer caso.

Respecto do Centro de Día non vou a dicir nada, claro que podíamos construír un Centro de Día en Parga, nos Vilares, Buriz, etc. É unha competencia impropia polo que non podemos aumentar moito a financiación con respecto a ela e esta pequena ampliación o que nos permite é ter ata 20 usuarios/as sen ter que aumentar o persoal do Centro de Día. Para esta actuación con case toda seguridade imos ter unha axuda da Deputación, pero aínda non está asinado o convenio.

En canto ao arranxo de estradas, farémolo con criterios obxectivos e vendo as estradas máis utilizadas e que están en peor estado.

O voceiro do PP di que nesta modificación de créditos hai cousas tan dispares que nós, por exemplo, co arranxo dos CEIP de Lagostelle e Parga estamos de acordo, no da piscina municipal absteríamonos, o do Centro de Día votariamos en contra porque estamos a favor de que se faga un en Parga, o da canalización dunha liña eléctrica tamén estamos en contra porque pensamos que se debe buscar financiación, o da adquisición da nave no polígono parécenos aberrante porque sae moito mais económico facer unha nave moito máis grande da que se pretende adquirir en terreo municipal e deixar unha parte do terreo pechado e ao aire libre como parque móbil e aínda pagando o aluguer dous anos seguidos sae máis barato facer a nave en terreos municipais e por último co arranxo de camiños municipais estamos de acordo.

O voceiro do BNG di que o único que fan é improvisar continuamente xa que si o que se está facendo na Nave do Senpa para deportes o pensaran cando entraron a gobernar, a nave do polígono xa podía estar feita. Si facer unha nave nova sae máis barato que mercar unha non se pode pensar.

A alcaldesa di que o proxecto da pista de padel financiose co Plan Único do 2020 e cando se ía licitar foi o Estado de Alarma e tivemos que esperar, xa que a situación





Concello de Guitiriz

non permitía nin licitar nin construír. Nós tiñamos claro o que queríamos facer coa nave do Senpa e estámolo facendo dende o principio.

O que di do complexo deportivo con piscina climatizada, hai que ser realistas, saber con que orzamentos contamos e o que custa unha piscina climatizada.

En definitiva debido a anulación das regras de gasto imos investir o remanente que tiña o Concello nestas actuacións que propoñemos.

A alcaldesa propón a emenda a este acordo para que os 40.000 € do CEIP Lagostelle tamén se poidan investir no CEIP de Parga.

Sométese o asunto a votación, emendándose o punto primeiro do ditame da comisión informativa que queda redactado do seguinte xeito: "Mellora das instalacións dos CEIP Lagostelle de Guitiriz e Santo Estevo de Parga".

A inclusión da emenda é aprobada por unanimidade e a proposta final é aprobada cos votos favorables do PSOE e coa abstención dos grupos do PP e BNG.

Expediente 882/2021. Moción proxecto eólico

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

O voceiro do BNG da lectura a moción:

"MOCION SOBRE O PROXECTO EOLICO " SANTUARIO " NOS CONCELLOS DE AS PONTES, XERMADE, VILALBA E GUITIRIZ

EXPOSICION DE MOTIVOS:

O pasado mes de maio presentabamos unha moción similar sobre o proxecto eólico Pena Ombra que afectaba as parroquias de Mariz e Santa Mariña de Lagostelle. Volven presentar un novo proxecto eólico que afecta a varias parroquias do noso concello, segue lanzado o boom eólico sen unha adecuada planificación e vixilancia pública, e sen ningunha garantía de participación social e a salvagarda do patrimonio natural.

Como dicíamos no mes de maio, hai un evidente abandono de funcións por parte da Xunta de Galiza, que nega un debate arredor do cal debe ser o novo modelo enerxético galego para a descarbonización ao tempo que impulsa mudanzas legislativas para reducir garantías a sociedade e aos concellos galegos, e abrir a porta a grandes multinacionais sen retorno socioeconómico e sen unha mínima protección dos valores naturais. Neste caso o proxecto vén tramitado dende o goberno do estado por ser de unha capacidade de mais de 50 MW.

Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma





Concello de Guitiriz

abrupta, sen planificación e sen consenso coa sociedade dos lugares afectados, e as familias residentes nestas parroquias verán transformado o seu medio de vida e verán como o ruído, a contaminación acústica, a contaminación electromagnética, o efecto sombra, e mesmo o feísmo paisaxístico transformarán as súas vidas e as súas rutinas cotiás co conseguinte impacto significativo no seu benestar e na súa saúde.

Galiza é un dos territorios que dispan de menor protección contra os proxectos eólicos, xa que os espazos da Rede Natura apenas protexen 10% do territorio, e encima o Sr. Feijóo dende a Xunta non quixo nin quere desenvolver as ferramentas de xestión necesarias para protexer estes espazos.

Dende o BNG defendemos a descarbonización progresiva e a transición enerxética da man das renovábeis, pero ternos que criticar o modelo actual. O IBEX 35 non pode marcar o paso das enerxías, a economía circular e os compromisos ecolóxicos son unha nova escusa da Xunta e do Goberno Estatal para agochar os seus intereses empresariais.

No sector da enerxía eólica impera a lei da selva por mor da falta de regulación. Primeiro sacaron a lei de depredación e hai uns meses a lei de simplificación administrativa, polo que esta claro que se busca pasar por riba da lexislación ambiental e recortar as garantías dos espazos protexidos.

A enerxía que se produza en Galiza non pode seguir sendo un espolio das grandes empresas, no BNG apostamos por un Plan eólico público xusto sostible, e participativo dos recursos, e que xere riqueza no territorio.

Apostamos por unha empresa pública para garantir un retorno dos beneficios para todos os cidadáns.

A producións en Galiza atopase en máximos históricos. Segundo os datos fornecidos pola rede Eléctrica Española a potencia instalada atinxiu en 2020 as 3.829 megawatts, dos cales a eólica xera entorno aos 1.000 Kilowattios /hora.

Galiza é o segundo produtor de enerxía eólica do Estado, e exportamos para outros territorios o 28% do que producimos, pero aínda así, as compañías eléctricas teñen actualmente en tramitación en Galiza preto de 10.000 megawattios o que supón aumentar a potencia instalada en máis do 70%

E tal o boom que mesmo neste proxecto presentado pola Empresa Enel Green Power chamado Santuario, hai outro proxecto co nome de Mistral da empresa





Concello de Guitiriz

Greenalia que se solaparían, parte do proxecto ocuparía os mesmos terreos.

Con calquera das empresas que constrúen na Galiza so quedan as faragullas, uns pequenos beneficios para os concellos en concepto do canon eólico e canon medioambiental e unha pequena parte, moi pequena si a comparamos coas ganancias das eléctricas, para os propietarios dos terreos.

Polo exposto con anterioridade, o BNG de Guitiriz propón ao Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Pedimos que se rexeite o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de autorización administrativa previa do Parque eólico Santuario de 180 MW e a súa infraestrutura de evacuación nas provincial da Coruña e Lugo, e a retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afectación do proxecto, e por suposto a falla de licenza social.

2º.- Instar a Xunta de Galiza a desenvolver e aprobar un novo marco regulatorio do sector eólico que incremente as garantías sociais, económicas medioambientais, a comezar por un novo Plan Sectorial Eólico que conte cunha ampla participación dos axentes implicados (asociacións veciñais, agrarias, ecoloxistas, sindicais, centros de investigacións, comunidades de montes, etc.) e un amplo proceso de exposición pública co fin de suscitar o maior consenso posíbel, tendo en consideración as necesidades de Galiza e o papel doutras tecnoloxías.”

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do PP di que con respecto ao primeiro acordo pídese que acordemos entre todos nós solicitar a Xunta de Galicia que rexeite o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de autorización pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afectación do proxecto, e por suposto a falla de licenza social. Nós non estamos de acordo con esas aseveracións xa que dicir esto non é argumentar e porque pensamos que na Xunta hai profesionais que fan as cousas como se deben facer.

Con respecto ao segundo punto do acordo, está claro que si participan todos esos axentes que nomea vostede non se levaría a cabo ningún proxecto. Dígame, que pintan en reunións dos montes as asociación veciñais, agrarias, ecoloxistas e sindicatos?, contéstolle eu, nada de nada, o único que farían sería crear unha desconfianza tan grande que o “desenvolvemento industrial” do que falan non se faría nunca porque as empresas so invisten cando as condicións son favorables, nunca cando se lles van poñer impedimentos.

Nós temos argumentos suficientes para que vostede e o resto dos políticos presentes, incluído as persoas que nos escoitan, os coñezan: Di vostede que a Rede Natura so supón un 10% do territorio de Galicia e eu dígolle que non son correctos esos datos, posto que a Rede Natura ampliouse na CCAA de Galicia nun 3,2%, o que





Concello de Guitiriz

fai que sexa actualmente dun 15.2%. Os lugares de importancia comunitaria (LIC) ampliáronse e supuxo a creación de 21 novos LIC e a ampliación da súa superficie noutros 28 mentres que 31 dos actuais LIC permanecen sen cambios.

A Xunta de Galicia pretende que a Rede Natura 2000 Galega pasara a 80 LIC aos que hai que sumar as 16 zonas de especial protección de aves. En concreto entran como novos LIC na provincia de A Coruña os seguintes territorios: Brañas do Xallas, Esteiro do Río Baxoi, o río Valeo, Serra da Cova da Serpe, Brañas do Deo, Río Castro, Grande e Belelle; en Lugo: Río Sor, Zona Miño-Neira, Serra Foncuberta; en Ourense: Penas Libres, Videferre, Río Arnoia, Brañas do Río Calvos, Veigas do Río Salas, Brañas de Golpellás; en Pontevedra: Serras do Suido, Serra da Groba e Monte de Valga, Costa de Oia e a Illa de Cortegada.

Con esta actuación ampliase a Rede Natura en 147.851 hectáreas, e con isto alcanzaría as 537.416 hectáreas e pasaría do 12% ao 15,2% no territorio galego. Por provincias a porcentaxe sería: en Lugo pasaría do 44% ao 45%, en Ourense baixaría do 17% ao 16%, A Coruña pasaría do 13% ao 16% e en Pontevedra manteríase un 8%.

Así mesmo con esta ampliación, 235 concellos terán representación nesta Rede Natura cando o número de concellos en Galicia é 315, é dicir, un 80% dos concellos galegos.

Por outra banda vostede non fala aquí das reservas da biosfera en Galicia e tamén son áreas protexidas.

Fai uns días, neste propio mes, o Consello Internacional de Coordinación do Programa MAB da UNESCO declarou a candidatura da Ribeira Sacra, Serra do Oribio e do Caurel, Reservas da Biosfera.

Galicia conta con sete lugares que oficialmente formaron parte da Rede Mundial de Reservas da Biosfera (Terras do Miño, Area de Allariz, Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, Río Eo, Oscos e Terras de Bouron, As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, Gerés-Xurés).

A alcaldesa di que o tema dos eólicos sempre é controvertido xa que por un lado está a cuestión económica e por outro o de preservar o noso patrimonio natural e os nosos modos de vida.

Este parque eólico non é o que máis lle afecta ao noso concello pero si é verdade que hai unha zona onde hai explotacións gandeiras e agrarias e a instalación sen control destes parques eólicos pode chegar a prexudicar este modo de vida, que é primordial no noso Concello.

O concello habilitou unha oficina para que as persoas afectadas puideran vir aquí e presentar alegacións posto que o prazo que se daba non era moi amplo e ademais houbo unha cousa que me chamou a atención, que as características dos aeroxeneradores que se ían poñer, é dicir, unha parte do proxecto estaba en inglés, resultado difícil presentar alegacións incluso para unha entidade como o Concello xa que non se dispón dun técnico que coñeza a materia suficientemente. O Concello tamén presentou alegacións en canto a





Concello de Guitiriz

temas urbanísticos, territoriais e como afecta ao modo de vida do noso concello.

Creo que estamos pasando por alto os efectos secundarios e inconvenientes que pode ocasionar este tipo de instalación no noso territorio. Por outra banda, o canon eólico non repercute equitativamente nos concellos nos que hai instalados muíños. Creo que teríamos que ser capaces de buscar un equilibrio entre o desenvolvemento industrial e da tecnoloxía co mantemento do modo de vida do noso concello.

A Xunta non ten unha política clara en canto a parques eólicos e o que si deberíamos esixir ás administracións implicadas, que están por encima de nós transparencia e publicidade.

O voceiro do BNG, todo o que di vostede en canto a que a Xunta ampliou os espazos de Rede Natura é verdade, pero logo non se cumpre. Co fin de fomentar estes proxectos eólicos no territorio galego o PP impulsou no noso territorio a Lei de Simplificación Administrativa e de Apoio a Reactivación Económica, que entre outras cuestión reduce a tramitación para aprobar un parque eólico de 23 a 12 meses e o prazo para consultar o expediente e realizar alegacións de 30 a 15 días. Vese claramente o que buscan, que os afectados/as pola implantación dos parques eólicos non teñan tempo a consultar e alegar calquera cuestión sobre os proxectos.

Sobre esta cuestión alertou en varias ocasións o observatorio eólico de Galicia (OEGA) xa que a raíz da aprobación no 2017 da Lei de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais, máis coñecida como Lei de depredación, as empresas promotoras non están obrigadas a xustificar nada.

O recoñecemento de utilidade pública depende da Dirección Xeral de Planificación Enerxética de Recursos Naturais da Xunta de Galicia a cal establece a prevalencia absoluta dunha instalación eléctrica sobre os intereses do monte comunal.

Dende o BNG seguimos defendendo as tarifas eléctricas diferenciadas en función da capacidade. O último en sumarse a esta reivindicación foi o Presidente de Castela e León do PP, que reclama unha tarifa máis barata para as zonas produtoras e defende que as corporacións enerxéticas paguen o seu imposto onde producen electricidade. Reclama o mesmo que estamos a reclamar dende o BNG, é dicir, é de xustiza que unha parte dos beneficios xerados polo vento, polo sol e pola auga, revertan naqueles lugares que sufriron os prexuízos.

Na Comunidade de Aragón, o seu Presidente do PSOE esta a favor dunha modificación para os concellos que producen enerxía. Vemos que a opinión de Feijoo é distinta e segue insistindo que unha tarifa eléctrica galega é ilegal, e non é ilegal, o que ten que haber é vontade política. En Euskadi no 2014 o PP pactou co PNV a peaxe eléctrica 61B para favorecer as empresas establecidas en Euskadi, iso ven a demostrar que a vontade política é posible.

As tarifas eléctricas territorializadas son moitas, comezando pola súa implicación, pon en cuestión os actuais esquemas de reparto de poder no espazo estatal, o papel de Madrid como territorio beneficiado dun medio centralizado, e mesmo a función do Estado.

Galicia é utilizada como unha colonia e como espazo de produción enerxética. O Presidente da Xunta non quere falar disto o que quere é inzar Galicia de parques eólicos pero non a través dunha empresa pública como pedimos nós, senón entregando os territorios ás grandes empresas que nin tan sequera son



Cod. Validación: 5ZJTG3G4EGAKQNVPR366SHENLF | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 31



Concello de Guitiriz

de aquí.

O voceiro do PP di que Xunta de Galicia non xestiona a tramitación do proxecto, é o Ministerio, e ese proxecto foi informado negativamente pola Xunta de Galicia en agosto de 2021 por estar fora das áreas de desenvolvemento eólico.

Dicía antes que o 35% do territorio galego está protexido pola Rede Natura quedando un 42% da Comunidade de Galicia amparada baixo algunha figura de protección, ben sexa por parte das confederacións hidrográficas, dos concellos, deputacións, CCAA, Estado, Unión Europea, Unesco, tales como 15,2% do LIC, zonas de importancia comunitaria, 16 zonas de especial protección de aves e os 7 lugares que oficialmente forman parte da Reserva da Biosfera.

Aqueles territorios considerados Reserva da Biosfera da Unesco teñen como obxectivo conseguir unha harmonía entre a natureza e o home/muller/humanidade conservando a diversidade biolóxica, cultural e desenvolvemento económico social.

Protexen con esta figura zonas que posúen un valor ecolóxico representativo e único como costeiros e mariños e buscase a integración da poboación humana e as súas colectividade e conservación do ecosistema e polo tanto son zonas elixidas para cumprir 3 funcións primordiais:

- Conservación de biodiversidade dos ecosistemas que conteñen.
- Desenvolvemento das poboacións locais.

-Ser unha función loxística e de apoio a investigación, formación e comunicación.

A alcaldesa di que o concello o que ten que facer é defender as características do seu territorio e sobre todo a economía dos habitantes dese territorio. Na zona onde se quere desenvolver este parque eólico hai moitas explotacións agro-gandeiras e creo que merecen o apoio do concello.

O concello pode intentar establecer algún tipo de gravame ou imposto para gravar os parques eólicos que se instalen pero nós so podemos legislar ordenanzas sobre impostos propios.

O voceiro do BNG di que non se van conformar coas migallas, que supón o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, todos sabemos que a compensación non se fai equitativamente para os concello máis prexudicados. Tamén está a Lei 9 do 25 de febreiro deste ano que dispón que, non se poderán implantar parques eólicos fóra das áreas incluídas no plan sectorial eólico de Galicia, fóra das modificacións substanciais dos parques en funcionamento nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, así coma aqueles proxectos que teñan unha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social e sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galicia a proposta da Consellería competente en materia de enerxía. Esta Lei é da Xunta, de este mesmo ano e agardamos que a cumpran.

Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos favorables do PSOE e do BNG e coa abstención do grupo do PP





Concello de Guitiriz

Expediente 900/2021. Moción casa Botica

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 5, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O voceiro do PP da lectura a moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai uns meses cometeuse un dos grandes erros sobre o patrimonio galego que pasará a historia patrimonial de Galicia e de España como exemplo do que non se debe facer en ningures cun edificio catalogado, feito hai máis de douscentos anos, e que no caso da vila de Guitiriz, pasaba por ser o emblema da arquitectura civil, pola súa grande estrutura para aqueles tempos, dous andares máis baixo, e sobre todo pola súa fábrica, xa que o edificio estaba construído con tres tipos de pedra, cachotería miúda, cachotería grande feita por devastadores nas canteiras de onde se sacaron, e pedra de sillar ou sillería feita por mestres canteiros, en definitiva unha xoia do noso patrimonio.

Ademais contaba cunha estrutura peculiar que asemellaba esta casa a un pazo, con reloxo, unha grande e espectacular cocina cunha lareira feita en pedra de sillería propia de espazos paxegos, con bastantes fiestras, cun pombeiro na súa parte traseira, cunha ventanuca defensiva o que se lle chaman troneiras, e ata cos tubos dos desaugues feitos de barro cocido e colocados pola súa traseira, igual que nas construcións da bela cidade de Edimburgo, capital de Escocia, que estou de seguro que si se levase o seu arranxo os houbesen suprimido, vendo niso un feísmo, cando non o é.

A todo isto hai que engadirlle a súa cerca, ou muralla feita de pedra seca, ou pedra sobre pedra que aínda hoxe pervive e onde nos seus alboios e cortes ou cabalerizas xa desaparecidas descansaban as bestas ou cabalos de tiro.

A chamada Casa da Botica, dende fai poucos anos, pois alí estivo unha botica durante uns coárente anos, cremos que foi unha grande casa de postas, feita no Camiño Real, hoxe Estrada Nacional VI, e que servía para o troco de cabalos, para asistencia e descanso dos pasaxeiros que se dirixían en dilixencias da época, dende A Coruña a Madrid pasando por unha morea de vilas, vilares, vilariños e cidades no seu percorrido e viceversa, construción semellante as de outras como se poden observar na propia vila de Guitiriz no lugar coñecido polo Portazgo, no Mesón da Cabra en Trasparga, ou tamén en Santa Locaia de Parga no lugar de Eirexe onde se atopa unha casa coñecida polo Mesón, pois esa tamén era maneira de chamarlles as casas de postas, sita en pleno Camiño de Santiago, tamén chamado en moitos documentos antigos Camiño Real, pois ía en dirección a Sobrado dos Monxes e dende alí ata Santiago de Compostela.

Polo tanto Señoras e Señores Concelleiros aquí presentes, os do Partido Popular de Guitiriz propuxemos fai uns meses que tiñamos que teren unha reunión a tres bandas para falar do futuro da residencia da terceira idade, e como iamos a afrontar esta desfeita, e quedouse en que ía a facerse. Pois esta desfeita producida pola empresa encargada de facer as obras e pola propia Deputación Provincial de Lugo, que cego o





Concello de Guitiriz

seu compromiso con Guitiriz e coa obra, non se decatou ou quixo decatarse, e ten medios, pois conta dita Institución provincial con servizos onde hai técnicos superiores ou medios, tales como arquitectos, arquitectos técnicos ou apareladores, etc, que saben a ciencia certa que unha obra feita sobre uns douscentos anos o máis, se lle quitas o tellado, os cangos, e algunhas vigas, e non apuntalas as súas paredes exteriores, e non tomas medidas asiña como botar cemento sobre os muros espidos, e non se acometen asiña o facer o novo tellado, pois ten moitas posibilidades, pola filtración da auga da chuvia, e polo vento de virse algunhas partes ao chan, que iso foi o que pasou, e repito, pasoulles por non a cometer as medidas necesarias de protección do monumento ou do pecio durante o desescombros e durante as obras de reconstrución, e o piar de todo foi a solución final, o derrubamento cunha escavadora de mais do 90 % do resto do edificio.

Máis a nós o que nos sorprende e que o Goberno deste Concello estea a mirar para outro lado, non mirando polo interese do patrimonio municipal, e todo isto aceptando de bo grao as consignas que se lle envían dende a propia Deputación Provincial de Lugo, pero tamén sorpréndenos o Señor González Souto, concelleiro do BNG, partido que sempre está reivindicando todo por calquera cousa, que estea más caladiño aínda que a Señora Alcaldesa.

Vostedes votaron que si, a nosa moción presentada fai uns meses, que foi aprobada por maioría absoluta de que iamos a reunirmos e ata agora debido a que gobernan en coalición o PSOE máis o BNG na Deputación Provincial de Lugo, están a velas pasar.

Seguramente pensen que a sociedade guitiricense sea parva, que dita cidadanía non se percate de que non se tomaron medidas, de que o que están a facer e deixando que a auga se aclare cando o poso se asente, en definitiva que o silencio ocupe o lugar do esquecemento para sempre, pois saiban vostedes señores e señoras concelleiras, có Partido Popular non vai permitir que este feito pase ao esquecemento nunca xamais, e que irnos loitar por elo, para que se aclaren as responsabilidades de cada quen, incluso a nivel xudicial, para que non paguen xustos por pecadores, pois os xustos son o pobo de Guitiriz que lle desfizeron parte do seu patrimonio, e para que isto sirva de exemplo e non volva a xurdir noutros concellos da nosa terra.

E para finalizar con esta exposición de motivos preguntolles, aos concelleiros deste Goberno Municipal: Por qué se quitou o guindastre ou grúa?

Por outra banda, se a Deputación Provincial de Lugo fai oídos xordos e parece que non quere asumir responsabilidades sobre esa desfeita, entón: Qué facía fai uns meses unha morea de traballadores da Deputación coa funda amarela e coa pegatina nas súas costas co nome da Institución provincial, sacando as pedras de sillería e mampostería, de maneira escollida, da morea de pedras que se atopan fronte a Casa do Concello de Guitiriz, non os ollaron ningún dos concelleiros que forman parte deste Goberno Municipal, tampouco os ollou o concelleiro do BNG, ou non lle chegaron novas de que efectivamente estaban a traballar en iso?

Queda polo tanto claro, que entre vostedes os do PSOE e BNG estase cocendo o futuro das responsabilidades da desfeita e, o futuro da Residencia da Terceira Idade de Guitiriz,





Concello de Guitiriz

Por todo elo, elevase ao Pleno esta MOCIÓN, na que se propoñen os seguintes

ACORDOS.

1º Devolución dos cartos que o concello de Guitiriz empregou en mercarlle aos herdeiros da chamada Casa da Botica, xa que este ben ou pecio, foille entregado de maneira gratuíta e, dicir, por doación a Deputación Provincial de Lugo para un fin concreto, facer a residencia da terceira idade e por tanto, recuperar ese edificio insigne para o Patrimonio municipal e provincial, polo tanto que a Deputación Provincial de Lugo devolva os cartos que lle custou dita Casa da Botica ao Concello, máis os seus xuros.

2º Cumprir có acordado nun pleno fai uns meses de reunimos e teren reunións periódicas a tres bandas, PP, PSOE e BNG, que polo de agora non se fixo nin a primeira reunión, seguimos pois co silencio que de paso ao esquecemento, sobre o futuro da residencia, se é convinte facela neste lugar ou en outro.

3º Presentar en conxunto, ante o xulgado de Vilalba unha quérela para pedir responsabilidades do sucedido.”

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do BNG di que deberían repasar as actas dos plenos anteriores, antes de escribir sobre min e sobre o BNG e veran que na maioría dos plenos intereseime polo estado da Casa da Botica dende o 2011, cando se asinou o primeiro convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello. O convenio foi asinado por Regina Polin e o Sr. Besteiro un mes antes de que o Sr. Teixido fose nomeado alcalde do concello de Guitiriz, pois ben, en catro anos non foron capaces de levar a cabo o proxecto da Casa da Botica. Sabemos que lles puxeron moitos atrancos por parte da Deputación, gobernada polo PSOE, pero eso non quita o nulo traballo feito por vostedes neses catro anos, pero tamén sabemos que non querían facer a residencia na Casa da Botica, pero falta a primeira proposta seria e concreta do PP neses catro anos para construíla noutro lugar. Porque non a construíron noutro lugar? sencillamente porque non interesaba, era mellor agardar catro anos sen tocar a Casa da Botica para que non constara en acta que a obra fora feita pola Deputación, gobernada polo PSOE.

Este foi un dos grandes problemas que tivo a casa que vostede nomea como “monumento”, estivo eses catro anos e outros nove ou dez pechada e, co paso do tempo non fixo mais que mal aguantar e cando quixeron botarlle man sen analizar o estado no que estaba, acabaron de rematala.

Esta claro que eses cinco meses que estivo sin apuntalar non fixo mais que empeorar o seu estado, pero tamén hai que dicilo, a fachada xa estaba curvada e con barriga cando lle sacaron o teito e polo que se ve vai para largo, ninguén se cre que esta obra este rematada para cando marca o convenio asinado entre a Deputación e o Concello, o 1 de agosto do ano que vén. Seguramente dentro de pouco asinarase unha addenda ao convenio para esperar outros catro ou cinco anos mais. Case me atrevo a dicir que a residencia non se vai facer en Guitiriz ata que governe o BNG.

Na reunión entre os tres voceiros o día cinco de febreiro nesta mesma sala o BNG pedía en canto ao pasado responsabilidades políticas e técnicas, porque se abandonou totalmente a obra? e en canto ao presente, porque se autorizou a demolición dos muros sen ningún tipo de coidados e sen marcar as pedras da fachada?, nós entendiamos que se tiña que ter feito marcando unha a unha e ordenadas. Quen permitiu semellante desfeita?. E coñecedor urbanismo e patrimonio desa desfeita?. En canto ao futuro, propoñiamos un proxecto novo para a Casa da





Concello de Guitiriz

Botica porque esta como tal non existe, o único que hai é un solar. Sería interesante facer canto antes un concurso de ideas aberto para que os/as técnicos/as e a xente puideran presentar os proxectos.

Dáse conta que dende febreiro esta todo parado, chegara outro febreiro e outro verán e varios anos mais e seguiremos nas mesmas condicións que as dadas agora.

O BNG non vai votar a favor desta moción, parécenos unha tomadura de pelo o que vostedes describen, deixan claro e teñen razón que é unha vergonza o que esta a pasar coa Casa da Botica, neste caso co solar, pero tapar unha vergonza cunha moción que aínda da mais vergonza non é solución.

Señores do PP, en vostede recae gran parte da culpa de que no ano 2021 esteamos en Guitiriz sen residencia de maiores, non lle boten a culpa a quen non a ten e, como xa dixen antes os cidadáns non son tontos.

A alcaldesa di que falar de que isto é unha aberración do patrimonio galego que pasará a historia patrimonial de Galicia e España sorpréndeme moito posto que se me ocorren moitas outras aberracións do patrimonio en Galicia.

Vostedes, como grupo político, tamén poden pedir información sobre isto na Deputación e que eu saiba non a pediron.

Dende o 2011 ao 2015 que gobernou o PP no concello non se fixo absolutamente ningunha actuación para que a construción da residencia fora adiante. Todos sabemos que esta localización para a residencia de maiores nunca foi do gusto do PP e por iso se puxeron todos os impedimentos posibles para que non se levara a cabo, e este é un dos motivos principais polo cal non teñamos a día de hoxe residencia de maiores en Guitiriz. Nos anos seguintes, cando volveu a gobernar no concello o PSOE, o equipo de goberno intentou por tódolos medios sacar adiante o proxecto e dende a Xunta gobernada polo PP o único que fixeron foi poñer atrancos, tardando en conceder as autorizacións, requirindo documentación, e dicir, intentaron por tódolos medios boicoteala.

O voceiro do PP, quen non deixou facer a residencia dende o 2011 ao 2015 foi a propia Deputación gobernada polo PSOE, o Sr. Teixido fixo o que tiña que facer no seu momento e non puido facer mais.

Di vostede que a Deputación dende febreiro non fixo nada, pero si que fixo, no mes de xullo estiveron traballadores da Deputación recollendo as pedras (o voceiro do PP mostra unhas fotografías).

Nós o que esiximos é responsabilidades e que isto non volva a suceder. A aberración disto non é que tiren o edificio senón que detrás deste derrube esta unha administración.

O voceiro do BNG di que antes dixen que iamos votar en contra da moción pero si eliminan o punto 1 e 3 votaríamos a favor.

Miren as actas antes de dicir nada, porque sobre todo nos últimos dous anos non houbo ningún Pleno no que o BNG non falara da Casa da Botica. O BNG non ten culpa ningunha, a culpa é do PP e PSOE que foron quen es gobernaron, e o PP aínda máis porque si non eran partidarios de facela onde estaba prevista porque non propuxeron outro proxecto fora da Casa da Botica.

A alcaldesa di que este equipo de goberno podería valorar a posibilidade de





Concello de Guitiriz

ubicación de calquera outro centro da terceira idade, pero neste caso non é viable posto que Patrimonio obriga a reconstruír a Casa da Botica.

A Deputación de Lugo e o Concello actuaron sempre con respecto absoluto a legalidade coa normativa de aplicación e de acordo cos informes técnicos e velando polo mantemento das condicións óptimas de seguridade da obra e a protección das persoas e dos bens. Dende o momento no que se produce o incidente que colapsou parte do edificio seguíronse estritamente as instrucións, tanto dos técnicos como das administracións afectadas, Patrimonio incluído, posto que deu unha autorización para derrubar o edificio.

Dende a Deputación reiteran o absoluto compromiso manifestado pola mesma co Concello de Guitiriz, que ademais ten vixente o convenio de construción da residencia de maiores ata o 2 de agosto de 2022. Na actualidade a institución provincial esta a traballar ca máxima celeridade para que o centro de atención a maiores de Guitiriz sexa unha realidade, exemplo diso son os pasos que ata o momento se levan dados, en xuño deste ano a Deputación de Lugo remitiu a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia en Lugo o informe previo a redacción do proxecto de execución de modificación e actualización para a recuperación da Casa da Botica, informe que se resolveu favorablemente.

Actualmente a Deputación de Lugo esta ultimando a redacción do proxecto básico e de execución modificado para a súa presentación na Consellería de Cultura co obxectivo de obter autorización patrimonial definitiva. Este proxecto, como resulta obvio, non só preservara a singularidade e elementos catalogados da Casa da Botica senón que a dotará dunha maior funcionalidade. Tendo en conta que a Comisión non se reúne en agosto, esta previsto presentar este proxecto a finais de outubro e agardamos celeridade e, si o grupo popular pode colaborar nesa celeridade esperamos que colabore.

Ao grupo do PP nunca lle gustou esta ubicación, pero para a súa información o proxecto estará ubicado exactamente no mesmo lugar e a Casa da Botica conservará a súa forma orixinal e a construción estará rematada antes do 31 de decembro de 2022.

O voceiro do Partido Popular di que o PP de Guitiriz non estaba en contra de que se fixera a residencia o que estaba era en contra de que se fixera aí.

Vostede di que se vai recuperar o edificio coa forma orixinal e eu dígolle que non, posto que un edificio que desapareceu non se pode recuperar, aínda que se pareza non vai ser o mesmo edificio.

Sorpréndenos moito o que acaba de dicir, que Patrimonio obriga a recuperar o edificio orixinal, iso non o sabiamos. Gustaríanos ver ese informe porque non tiñamos coñecemento do mesmo.

Sometido o asunto a votación cos votos favorables do PP e cos votos en contra dos grupos do PSOE e BNG, non acada a maioría necesaria para a súa aprobación.

Expediente 902/2021. Moción factura eléctrica.





Concello de Guitiriz

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 5, En contra: 7, Abstencións: 1, Ausentes: 0

O voceiro do PP da lectura a moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas primeiras semanas do ano 2021 o sistema eléctrico experimentou un encarecemento substancial dos prezos, acadando niveis por riba dos 90€/MWh, que supoñían xa daquela máximos históricos, co conseguinte impacto negativo na factura eléctrica de familias, pemes e autónomos.

Neste contexto, o pasado 1 de xuño entraba en vigor o novo modelo de factura eléctrica para os case 11 millóns de consumidores españois acollidos ao PVPC (Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor). Daquela o Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico animaba aos consumidores a trasladar o consumo de enerxía eléctrica das horas punta aos tramos chan e val (os de menor demanda). Este cambio nos hábitos de consumo redundaría en “menores custos para os consumidores” e “un maior aforro na factura”, tal e como se recolle na nota de prensa do Ministerio do pasado 5 de maio.

Nada máis lonxe da realidade. Son moitos os días nos que os medios de comunicación nos trasladan prezos récord consecutivos da luz. No mes de xullo o prezo medio no mercado maiorista acadou os 92,42 €/MWh; en agosto, 105,94 €/MWh; e o pasado 16 de setembro a cifra de 188,18 €/MWh, cuadruplicando o valor que marcou durante o terceiro xoves de setembro de 2020 (47,11 euros).

Unha subida desbocada do megavatio hora que impacta de maneira moi especial nos colectivos máis vulnerables — aumentando o risco de pobreza enerxética — e naqueles autónomos, pemes e empresas que non teñen capacidade para adaptar a súa actividade aos novos tramos horarios.

Por outra banda, hai que engadir que — ata agora- en España menos do 40% da factura da electricidade dependía do custe da enerxía. O resto, débese aos custos regulatorios derivados da xestión política (por exemplo, subvencións ás renovables ou ao carbón ou o déficit de tarifa, entre outras) e aos impostos (o Imposto sobre o Valor da Producción de Enerxía Eléctrica ou o IVE, entre outros).

Polo tanto, unha das vías máis inmediatas para reducir a factura da luz é a rebaixa dos impostos e custos que gravan a electricidade, pero cómpre desenvolver medidas estruturais que afronten unha verdadeira reforma do sistema eléctrico. Sen embargo, mentres as familias, pemes, autónomos e todo o tecido empresarial galego - é especialmente a industria electrointensiva -, están moi preocupados por estas subidas descontroladas do prezo da electricidade, as medidas aprobadas polo goberno de España, non só chegan tarde, senón que son insuficientes e nacen desde a improvisación, sen explicar que consecuencias terán o próximo ano.

Así pois, a partida de gasto prevista nos orzamentos municipais non abondará para fronte a estes incrementos do prezo da luz, cando as prioridades de gasto deberían encamiñadas a atender as necesidades dos nosos veciños.





Concello de Guitiriz

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Guitiriz presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

1º.- O concello de Guitiriz insta ao Goberno de España a eliminar o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica do 7%, modificando a Lei 15/2012, de 27 de decembro de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.

2º.- O concello de Guitiriz insta ao goberno de España a modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico para que, entre outros aspectos, determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

3º O concello de Guitiriz insta ao goberno de España a modificar a Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido para facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 ao 10%.

4º O concello de Guitiriz insta ao goberno de España a impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período val de luns a venres, no que a tarifa é máis barata, vai desde as 12 horas da noite ata as 8 da mañá, o que fai moi difícil o aforro das familias.

5º.- O concello de Guitiriz insta ao goberno de España ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequenos Consumidor (PVPC) ata potencias que iguais ou inferiores a 15 KW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico.

6º.- O concello de Guitiriz insta ao goberno de España a loitar contra a pobreza enerxética entre os consumidores máis vulnerables, establecendo axudas específicas para o pagamento de facturas e asumindo o 100% dos custos para evitar o corte da subministración eléctrica.”

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do BNG di que somos un país excedentario na produción de enerxía eléctrica pero dende o BNG queremos que serva para desenvolver Galiza e non para que as multinacionais eléctricas síganse forrando, iso é a gran diferenza entre o modelo enerxético que nós defendemos e o que vostedes defenden.

Cremos que é malo para Galiza que poñan os seus intereses e a súa ideoloxía por encima dos intereses das persoas, porque si hai algo que é de xustiza é que a riqueza deste país se use para crear emprego e vivir mellor, pero claro, os seus intereses son defender os consellos de administración das grandes corporacións eléctricas e non a enerxía como un ben público.

É evidente que o goberno do Estado non esta facendo todo o que debería polo prezo abusivo da luz como modelo de transición enerxética, dende o BNG cremos que é necesario abordalo canto antes porque é de xustiza social.

Este verán batéronse os récords no prezo de enerxía eléctrica, o goberno o único que fixo foi baixar o IVE ao 10% temporalmente, que non deixa de ser un parche a esta estafa que nos están facendo dende hai meses e tamén anunciar un proxecto de lei que esta tramitándose, dunha baixada do 13% do prezo da enerxía eléctrica nos próximos 5 anos, iso si, de momento non dixeron si ía ser sobre o prezo que tiñamos fai un ano ou sobre o que temos actualmente.

É evidente que a culpa non de Putin por subir o prezo do gas, aínda que os valores



Cod. Validación: 5ZJTG3G4EGAKQNWFR366SHENLF | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 31



Concello de Guitiriz

tan altos que se veñen rexistrando no prezo da electricidade nos últimos meses debese a cotización internacional do gas usado nas centrais térmicas de ciclo combinado, que tras rexistrar un forte desaxuste entre a oferta e a demanda disparouse en plena recuperación económica, así tamén o impacto que custa emitir CO₂.

O problema mais ben radica na regulación do sector eléctrico privado, privatizado polo Sr. Aznar en 1998 que favorece as grandes empresas do sector, que son as que deciden e gobernan neste ámbito e que sería o primeiro que teñen que modificar dende o goberno español.

No BNG témolo claro, a solución real pasa por nacionalizar as grandes compañías eléctricas porque si a electricidade é un ben esencial ten que estar baixo control público.

O PP e os Socialistas son os responsables da privatización do sector enerxético público e dunha regularización feita a súa medida e impudicamente selada pola portas xiratorias e a presenza de ex-ministros e ex-presidentes, como González e Aznar, cobrando indecentes compensacións económicas.

E fundamental que existan empresas publicas, por iso dende o BNG aspiramos a unha empresa pública galega que xestione toda a enerxía producida na Galiza empezando por asumir as concesións hidroeléctricas cando caduquen. Non estamos falando de nada raro en Italia ou Francia si teñen empresas con maioría pública que lles facilita intervir con maior facilidade no prezo do mercado enerxético.

Tamén é necesario modificar a regulación do sector eólico que esta favorecendo os intereses das grandes empresas eléctricas, comezando por modificar os criterios da poxas, que levan a que a poxa mais alta do día é a que marca o prezo da electricidade, esta mais que claro que aquí non opera o principio da oferta e a demanda.

A alcaldesa di que esta moción non aporta nada novo e sen embargo contén varias inexactitudes. O tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Producción de Enerxía Eléctrica do 7% esta suspendido dende mediados de setembro, suspendeuse mediante un Real Decreto, rebaixouse o IVE do 21% ao 10% como xa dixemos, o Imposto Especial da Electricidade vaise rebaxar ata o 0.5%.

Vaise aumentar en 900 millóns de euros a aportación da recadación das poxas de CO₂ destinadas a cubrir costes do sistema eléctrico ata 2000 millóns durante o exercicio, vaise a minorar temporalmente os ingresos extraordinarios que están a provocar a elevada cotización do gas nalgunhas centrais térmicas.

Outra das medidas que se vai levar a cabo para que teñan incidencia en consumidores concretos, incrementase a protección as vulnerables, as familias e as PYMES establecendo un subministro mínimo vital que prohibe o corte do servizo por falta de pagamento aos beneficiarios do bono social eléctrico durante seis meses adicionais aos catro xa existentes e tamén se limita o crecemento da tarifa de gas TUR para impedir o forte incremento polo impacto do custe desta materia prima.

Outras medidas como a modificación da Lei de Augas para ordenar o uso como ben ambiental e social de primeira orde da auga e novos limites mensuais ao ritmo de desenvasado e volumes mínimos de reserva que protexeran o medio ambiente e permitiran o desenvolvemento de actividades económicas sostibles ligadas aos





Concello de Guitiriz

municipios ribereños.

Intentárase reducir o impacto do prezo do gas e, como medidas temporais, ampliar o importe recadado, cubrir gastos do sistema eléctrico con outros ingresos e a rebaixa retributiva será proporcional ao prezo do mercado ibérico de gas. Cos niveis actuais recuperaranse uns 2600 millóns ata o 31 de marzo que serán utilizados directamente para a rebaixa das tarifas das facturas da luz.

Estes importes destas poxas están revisados e actualizados ata fin de ano de maneira que os cargos aplicables serán un 96% inferior aos actuais e con isto esperase que se permita rebaixar as facturas finais dos consumidores unha horquilla que abarca dende 47,2 dos fogares ata 24,5 da gran industria, repercutira tamén a menor presión fiscal.

Para afrontar a conxuntura nos próximos meses limitarase durante un semestre o impacto do custe da materia prima no calculo de tres bandas de tarifa do ultimo recurso de modo que o incremento medio na próxima revisión trimestral será do 4,4% en lugar do 25% e tamén hai outras medidas con vocación de permanencia.

Nós imos votar en contra porque parécenos que todo esto que se esta debatendo agora xa se votou no mes de xullo e xa se levaron a cabo todos os acordos que se piden nesta moción.

No noso ámbito tomaremos as medidas necesarias para que non supoña un custe para as familias e pequenas e medianas empresas que é onde mais esta a repercutir.

O voceiro do PP di que o Partido Popular presentou seis iniciativas que foron rexeitadas polo goberno do Sr. Sánchez e vostedes que apoian ao goberno social-comunista, pero lles saíu mal porque o grupo socialista galego votou “non” a proposición de lei, para presentar no Congreso dos Deputados, do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social e económico.

Neste mes o PP expuxo unha serie de iniciativas, propuxo usar 2000 millóns de euros obtidos polas poxas dos dereitos de emisión de gases de CO₂, gases de efecto invernadoiro, traspasar aos presupostos xerais do Estado a financiación dos custes non enerxéticos sobre 3400 millóns, suprimir o Imposto sobre o valor da produción eléctrica, son 1600 millóns e a rebaixa do IVE do 21 ao 10%, como se fai noutros países como Portugal.

O Sr. Teixido presentou o 21 de setembro esta moción e a rebaixa do IVE comezou aplicarse a partir do 24 de setembro.

A Xunta de Galicia vai seguir axudando as familias que mais o necesitan como demostra coa ampliación de crédito do bono eléctrico ata os 2,1 millóns de euros, un 61% mais do inicialmente previsto, do que xa se beneficiaron esta ano mais de 4500 familias.

O voceiro do BNG di que sempre defendeu e seguimos defendendo unha baixada do IVE ao 4% pero para sempre porque é un ben de primeira necesidade.

Tamén estamos de acordo con que se elimine o Imposto Especial de Electricidade pero non que se suspenda o imposto a xeración eléctrica pero que o paguen as empresas porque estámolo pagando nós.





Concello de Guitiriz

Tamén esiximos eliminar da factura eléctrica todos os cargos de peaxes que non teñen que ver coa distribución, como son as primas as renovables ou os custes extrapeninsulares que deberían ser a cargo dos orzamentos xerais do Estado.

Todo isto que estou dicindo porque non o fixo o Partido Popular cando gobernaba?

A alcaldesa di que nós imos votar en contra posto que todo o que se pide xa esta aprobado por unanimidade no Pleno de xullo.

O voceiro do PP di que por suposto que están de acordo con que os concellos galegos polo feito de producir aquí enerxía saian mais beneficiados.

Sometido o asunto a votación cos votos favorables do PP e cos votos en contra do grupo do PSOE e a abstención do BNG, non acada a maioría necesaria para a súa aprobación.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS E PREGUNTAS ROGOS

Voceiro do grupo PP

1. Se limpe e adacente a contorna da Nave do Senpa polos perigos que ocasiona para a as persoas que acoden e escola de musica.
2. Por enesima vez rogamos se limpen os sumidoiros. O outro día ao chover forte foi unha hecatombe pola cantidade de auga que non daban tragado o sumidoiros debido ao atascamento
3. O arranxo da Rúa Tralouteiro xa que as fochancas son cada vez mais profundas e perigosas.
4. Se limpe toda a contorna do IES Poeta Diaz Castro.
5. Rogamos se nós informe do estado en que se atopan as placas solares que hai na





Concello de Guitiriz

nave do Senpa, si están a funcionar ou non e a produción do ano 2020.

6. Arranxo da fonte e xardíns da estación de Parga.

Responde a alcaldesa que a fonte esta rematada so queda colocala.

7. Rogamos se rocen as cunetas na Avda. da Paz en Parga e se pinten as farois que están oxidadas.

Voceiro do grupo BNG

Rogamos comecen a traballar para mellorar o benestar da cidadanía que vive ou reside no Concello. Había catro problemas ao inicio da lexislatura e a día de hoxe foron incapaces de resolvelos:

- A Casa da Botica para convertela nunha residencia e hoxe temos unha pila de escombros e un solar totalmente abandonado e sen perspectivas de futuro inmediato, xa que ninguén se cre que vaia estar rematada en agosto de 2022.
- Tiñamos un gran problema coas augas residuais e de contaminación no noso rio e seguimos cos mesmos problemas de contaminación. Sinálannos nos informativos galegos porque somos o unico concello galego coas augas contaminadas.
- Tiñamos todos os anos un gran problema coa limpeza de camiños, rutas pluviais tanto en Guitiriz como Parga como de recollida de plásticos agrícolas e dende que gobernan, dende o 2019, isto non fixo mas que empeorar.
- Tiñamos un gran problema coa auga potable de uso doméstico, tanto en Parga como Guitiriz. En Guitiriz parece que se vai facer unha actuación na potabilizadora e nos depósitos que se supón que vai mellorar a situación. No mes de setembro volveu a saír auga amarela, seguimos esperando como fai dous anos.

En Parga non fixeron nada, a auga da traída segue igual que hai 10 anos, un día sae ben pero a maioría dos días sae mal.

Póñanse a traballar dunha vez posto que a cidadanía os elixiu para traballar por Guitiriz. Rógolles que reflexionen co que estan a facer porque é triste o camiño que esta a levar este concello.

PREGUNTAS

Voceiro do grupo PP:

Preguntas pendentes do pleno anterior:

- Cantas demandas xudiciais ten o concello de Guitiriz a día de hoxe?

Resposta: Pendentes de sentenza hai 21 (13 son de persoal e o resto son de outros temas)





Concello de Guitiriz

Preguntas deste pleno:

1. Vai poñer o concello algún punto de recarga para vehículos eléctricos?

Resposta: Si, no entorno da Praza. Concedéronnos unha subvención e a estamos tramitando.

2. Cal foi o motivo polo que se cambiaron de sitio os contenedores da Rúa do Mercado?

Resposta: Por unha cuestión de salubridade pública, polo mal uso que se fai deles fundamentalmente.

3. Cal foi o motivo polo que pagaron 3.388 € a unha empresa para limpar a ruta da auga?

Resposta: Non o sei, pero para limpar a ruta da auga non. Contéstolle no seguinte pleno.

4. Ten o concello previsto facer algunha aportación económica para paliar os danos acontecidos na Illa da Palma?. Nós pensamos que se podía abrir unha conta cunha aportación do Concello e na que os cidadáns que quixesen poderían ingresar.

Resposta: Hai que mirar si e viable xuridicamente e que non supoña un trastorno para o concello, pero seguro que hai contas abertas na cales o concello pode colaborar, seguro que a través da FEGAMP hai algún instrumento para que o concello e os/as veciños/as de Guitiriz colaboren.

Pódese buscar a forma mais axeitada xurídica e contablemente e logo facer un bando e publicalo nas redes sociais.

5. Termináronse de facer as rozas?

Resposta: coa empresa que se contratou si, pero cos medios do concello seguimos rozando.

6. Houbo ultimamente algunha queixa da auga da traída porque viña turbia, sobre todo a finais de agosto?

Resposta: Ata esta semana non houbo ningunha reclamación con respecto a auga.

7. Ten algunhas novas sobre o cuartel da Garda Civil de Guitiriz?

Resposta: Non esta previsto pechar o cuartel de Guitiriz, pero quedamos en ter unha reunión para falar deste tema.

8. Cando ten pensado arranxar a Rúa San Xose en Parga?

Resposta: Ese arranxo xa esta previsto.

9. Pódenos dicir en que consiste o contrato menor para “Asistencia Técnica para o deseño óptimo de diferentes alternativas para unha variante ferroviaria na liña A Coruña-Palencia ao seu paso por Parga, Guitiriz”

Resposta: Fíxose un contrato coa USC para poder propoñerlle a Adif algo distinto, sobre a variante da vía, ao que eles propoñen. Tratase dun estudo de viabilidade e





Concello de Guitiriz

económico.

10. Canto persoal laboral fixo, temporal e descontinuo e persoal funcionario hai a día de hoxe, 30 de setembro no concello?

Resposta: Non o sei

Voceiro do grupo BNG:

Preguntas deste pleno:

1. Cantos días estiveron os dous operarios do concello facendo de condutores da motobomba?

Resposta: Estiveron adscritos mentres non se resolveu o segundo proceso selectivo pero os días exactos non os lembro.

2. Segundo o decreto nº 609 do 28/07/2021 pode un operario do concello sen titulación substituír a un técnico de medio ambiente nas probas de condutor de motobomba?

Resposta: para as probas de selección de persoal a titulación dos membros dos tribunais ten que ser igual ou superior a titulación que se esta valorando.

3. O 17 de agosto comezaron as obras de reforma da estación de bombeo que hai no Forxa e estívose vertendo ao río continuamente ata o remate da obra, aproximadamente 10 días. Porque o concello permitiu a empresa o vertido ao río durante a obra?

Resposta: a obra fíxose co proxecto que había. Informareime do que pasou e direillo, pero o concello non lle permitiu expresamente verter a empresa.

4. Despois de rematada esa obra segue vertendo ao río no Forxa e na depuradora, pódeme dicir como se vai solucionar?

Resposta: Segundo o técnico, a día de hoxe están solucionados eses problemas. Na depuradora tamén se fixo unha actuación.

5. Aparece un decreto no que se reflicte o que pagou o concello polos anuncios das festas de San Xoan, un no Progreso e outro na Voz de Galicia por importe de 816 €. Porque se fixeron estes anuncios si non estaban permitidas as festas e porque os pagamos todos agora?

Resposta: eses anuncios fanse tódolos anos e houbo algún día que en que as festas si estiveron permitidas.

6. Hai dúas facturas de subministro de luz, unha de agosto da piscina por 178 € e outra das instalacións deportivas de 395 €. A que se refiren posto que na piscina hai placas solares?

Resposta: as placas solares da piscina quentan a auga non dan subministro de luz. Para a auga da piscina funciona unha depuradora que esta enchufada as 24 horas.

En canto aos 395 € serán do pavillón, campo de fútbol posto que son as instalacións deportivas que temos.





Concello de Guitiriz

7. Dende o Concello estanse a limpar fincas particulares. Pódenos dicir o motivo?

Resposta: requíreselles aos particulares para que as limpen e cando non o fan as limpa subsidiariamente o concello e logo pasáselles o custe.

8. O domingo pasado Xermolos e os veciños/as de Guitiriz organizaron unhas xornadas de limpeza no noso río. O concello aparece no cartel como colaborador, non cre, que si o Concello limpara habitualmente e se puxeran unhas papeleiras no tramo entre os Sete Muiños e a Ponte Veiga, no faría falta este tipo de actuacións?

Resposta: o que temos que facer é unha campaña de concienciación para non ensuciar. Teremos que empezar a multar, de feito xa hai algún establecemento multado por non cumprir coa ordenanza. Imos aproveitar para facer un chamamento para que entre todos/as manteñamos limpo o noso concello.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 5ZJTG3G4EGAKQNWPR366SHENLF | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 31